

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA DO 26 DE SETEMBRO DE 2024

### 1. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2024/00042992M.

**Ratificación da urxencia da convocatoria.**

Acórdase ratificar a urxencia da convocatoria.

### 2. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2024/00042992M.

**DACI no contrato “Servizo de Asistencia Técnica, Redacción do Proxecto Básico e Execución e Dirección Facultativa (DO+DEI+CSS) da “Naturalización da lagoa do Auditorio e restauración fluvial do río Corgo” financiado polo PRTR.”**

Os membros presentes da Xunta de Goberno Local formulan a seguinte declaración:

**Expediente:** 2024/00039631W

**Contrato:** Servizo de Asistencia Técnica, Redacción do Proxecto Básico e Execución e Dirección Facultativa (DO+ DEI+ CSS) da “Naturalización da lagoa do Auditorio e restauración fluvial do río Corgo”, cofinanciado polos Fondos NextGenerationEU”.

Ao obxecto de garantir a imparcialidade no procedemento de contratación arriba referenciado, os membros da Xunta de Goberno Local, como participantes no proceso de preparación e tramitación do expediente, declaran:

**Primeiro.** Estar informados do seguinte:

1. Que o artigo 61.3 «Conflito de intereses», do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de xullo (Regulamento financeiro da UE) establece que «existirá conflito de intereses cando o exercicio imparcial e obxectivo das funcións véxase comprometido por razóns familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera motivo directo ou indirecto de interese persoal.»

2. Que o artigo 64 «Loita contra a corrupción e prevención dos conflitos de intereses» da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, define o conflito de interese como «calquera situación na que o persoal ao servizo do órgano de contratación, que ademais participe no desenvolvemento do procedemento de licitación ou poida influír no resultado do mesmo, teña directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que puidera parecer que compromete a súa imparcialidade e independencia no contexto do procedemento de licitación».

3. Que o apartado 3 da Disposición Adicional centésima décima segunda da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2023, establece que «a análise sistemática e automatizada do risco de conflito de interese resulta de aplicación aos empregados públicos e ao resto de persoal ao servizo de entidades decisoras, executoras e instrumentais que participen, de forma individual ou mediante a súa pertenza a órganos colexiados, nos procedementos descritos de adxudicación de contratos ou de concesión de subvencións».

4. Que o apartado 4 da citada disposición adicional centésima décima segunda establece que:

- «A través da ferramenta informática se analizarán as posibles relacións familiares ou vinculacións societarias, directas ou indirectas, nas que se poida

dar un interés persoal ou económico susceptible de provocar un conflito de interés, entre as persoas ás que se refire o apartado anterior e os participantes en cada procedemento».

- «Para a identificación das relacións ou vinculacións a ferramenta conterà , entre outros, os datos de titularidade real das persoas xurídicas ás que se refire o artigo 22.2.d).iii) do Regulamento (UE) 241/2021, do 12 de febreiro, obrantes nas bases de datos da Axencia Estatal da Administración Tributaria e os obtidos a través dos convenios subscritos cos Colexios de Notarios e Rexistradores».

**Segundo.** Que, no momento desta declaración e á luz da información obrante no seu poder, non se atopan incursos en ningunha situación que poida cualificarse de conflito de interese, nos termos previstos no apartado catro da disposición adicional centésima décima segunda, que poida afectar ao procedemento de licitación.

**Terceiro.** Que se comprometen a por en coñecemento do órgano de contratación, sen dilación, calquera situación de conflito de interese que puideran coñecer e producirse en calquera momento do procedemento en curso.

**Cuarto.** Que coñecen que unha declaración de ausencia de conflito de intereses que se demostre que sexa falsa carrexará as consecuencias disciplinarias, administrativas e/ou xudiciais que estableza a normativa de aplicación. |

### 3. CONTRATACIÓN. Referencia: 2024/00039631W.

**Aprobación do expediente de contratación do Servizo de Asistencia Técnica, Redacción do Proxecto Básico e Execución e Dirección Facultativa (DO+DEI+CSS) da "Naturalización da lagoa do Auditorio e restauración fluvial do río Corgo". Financiamento do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno de España (instrumento para o desenvolvemento dos fondos europeos de recuperación Next Generation UE) |**

**Primeiro:** Aprobar o expediente de contratación do Servizo de Asistencia Técnica, Redacción do Proxecto Básico e Execución e Dirección Facultativa (DO+DEI+CSS) da "Naturalización da lagoa do Auditorio e restauración fluvial do río Corgo". Financiamento do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno de España (instrumento para o desenvolvemento dos fondos europeos de recuperación Next Generation UE), cun orzamento base de licitación de 100.789,71 € (base imponible de 83.297,28 € máis IVE do 21% de 44.989,68 €).

**Segundo:** Abrir o procedemento aberto simplificado de adxudicación, de acordo co artigo 159 da LCSP.

**Terceiro:** Autorizar o gasto correspondente por importe de 100.789,71 €, que se imputará á aplicación orzamentaria 040 17100 6090002 (Código de proxecto: 2024 2 NGESS 15 1 Entre Sar e Sarela).

*Este contrato conta con financiamento do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno de España (instrumento para o desenvolvemento dos fondos europeos de recuperación Next Generation UE):*

*Compoñente 4: Conservación e restauración de ecosistemas e a súa biodiversidade*

*Reforma 2: Restauración de ecosistemas e infraestrutura verde*

*Investimento 3: Restauración de ecosistemas e infraestrutura verde*

*Porcentaxe de cofinanciamento: 95% fondos europeos / 5% achega municipal |*

### 4. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00041701Y.

**Prórroga do Contrato baseado nun acordo marco para a contratación das pólizas de seguro para flota de vehículos do Concello de Santiago de Compostela a**

través da Central de Contratación FEMP - Lote 6 coa empresa empresa Occident GCO, S.A.U. de Seguros y Reaseguros, do 1 de outubro de 2024 ata o 30 de setembro de 2025 |

Acórdase:

**PRIMEIRO:** Tomar razón do cambio de denominación social por absorción da empresa BILBAO SEGUROS CIA ANMA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A. por parte da empresa Occident GCO, S.A.U. de Seguros y Reaseguros, de xeito que toda clase de dereitos e obrigas pendentes e futuras que vinculen a sociedade con este Concello, relativas ao **Contrato baseado nun acordo marco para a contratación das pólizas de seguro para flota de vehículos do Concello de Santiago de Compostela a través da Central de Contratación FEMP - Lote 6**, entenderanse coa empresa OCCIDENT GCO, S.A.U. DE SEGUROS Y REASEGUROS, PASEO DE LA CASTELLANA 4, Código Postal : 28046, Madrid.

**SEGUNDO:** Prorrogar o **Contrato baseado nun acordo marco para a contratación das pólizas de seguro para flota de vehículos do Concello de Santiago de Compostela a través da Central de Contratación FEMP - Lote 6**, á empresa Occident GCO, S.A.U. de Seguros y Reaseguros, polo período DUN ANO a contar dende as 00:00 horas do 1 de outubro de 2024 ata ás 24:00 horas do 30 de setembro de 2025. O importe da prima anual é de 40.717,75 euros (exento de IVE de acordo ao establecido no artigo 20.1.16 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre valor engadido), que irá con cargo á aplicación orzamentaria 030 92000 2240100

**TERCEIRO:** Aprobar e comprometer un gasto por importe de 40.717,75 euros (exento de IVE) que se corresponde coa prima anal do seguro. O dito importe imputarase á aplicación 030 9200 2240100 dos orzamentos municipais para o ano 2024

**TERCEIRO:** Este acordo será comunicado, ademáis da empresa OCCIDENT GCO, S.A.U. DE SEGUROS Y REASEGUROS, ao responsable do contrato e aos servizos económicos do Concello coa fin de que dean de alta a conta bancaria indicada pola empresa na que se aboarán os servizos obxecto deste contrato |

## 5. PRESIDENCIA E TURISMO. Referencia: 2024/00037857E.

**Informe proposta á Xunta de Goberno Local para a aprobación da convocatoria para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións de cooperación ao desenvolvemento no Concello de Santiago de Compostela. Exercicio 2024.** |

Acórdase:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a Convocatoria para a concesión en réxime de concorrencia competitiva das subvencións de cooperación ao desenvolvemento no Concello de Santiago de Compostela no exercicio 2024, por importe total de 400.000,00 euros.

**SEGUNDO.-** Aprobar o gasto relativo a esta convocatoria de subvencións por importe total de 400.000,00 euros con cargo ás aplicacións orzamentarias seguintes:

- 020 23103 4900100 (200.000,00 euros)
- 020 23103 7900000 (200.000,00 euros). Proxecto de gasto 2024 2 TCOOP 36

**TERCEIRO.-** Publicar as Bases da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña a través da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS). |